

MESA SECTORIAL DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2020

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE A PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

Dende ANPE criticamos todo o proceso de tramitación parlamentaria da LOMLOE no referido á integración do Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional no corpo de PES e a falta de pronunciamento oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia ao respecto.

Valoramos o aumento da Oferta de Emprego Público, pero consideramos que non soluciona o problema de máis de 10 especialidades do corpo de PTFP onde hai un gran número de profesorado especialista que non ten titulación de grao ou equivalente ou diplomatura e, polo tanto, non vai poder optar a estas novas prazas.

En calquera caso, a non oferta das 240 prazas que se propoñen hoxe, suporía a renuncia do 10% algo que, para ANPE Galicia sería inadmisíbel xa que, desde sempre, a nosa Organización Sindical considera que amplas ofertas de emprego público son a mellor opción para conseguir a estabilización do profesorado. Estaríamos dispostos a entrar a negociar un proceso de estabilización diferenciado para profesorado interino que cumpra certos requisitos de idade e de anos de servizo, sempre e cando se dean os dous requisitos conxuntamente e non soamente para profesorado que teña certa idade.

Preocúpanos a situación na que vai a quedar o profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional tras a aprobación da LOMLOE. Por unha banda, esquecese do profesorado pertencente ao corpo de profesores técnicos de formación profesional funcionarios de carreira que non teña á entrada en vigor da Lei o título de Grao ou equivalente, relegándolle a quedar no corpo a extinguir de PTFP, sen darlles unha saída para poder integrarse no corpo superior nin respostas sobre retribucións, condicións laborais ou mobilidade. E, doutra banda, preocúpanos especialmente, que vai pasar co colectivo de persoal interino e substituto que so posúe a titulación de técnico superior e so podería ser contratado como profesorado “especialista”.

A isto hai que engadir que tamén se esquecerían do profesorado integrado nos corpos de mestres de taller de artes plásticas e deseño e no corpo de mestres, que poden cumprir con ese requisito de titulación, o que supón unha importante discriminación a ese profesorado como pertencente ao grupo A2.

Para ANPE, a futura LOMLOE debería incluír o compromiso da integración de todo o profesorado no grupo A1, a reconfiguración dos actuais corpos docentes e, no marco normativo dun Estatuto da función pública docente regular, ademais, o ingreso e acceso duns corpos docentes a outros, unha verdadeira carreira profesional, **ademais de regular e consolidar por Lei un sistema de xubilación anticipada para o profesorado.** En resumo, a postura de ANPE a nivel nacional é clara: aposta non por un corpo único senón por un único grupo funcional docente A1, diferentes corpos dentro dese mesmo grupo funcional.

Para finalizar indicar que os servizos xurídicos de ANPE manifestan as dúbidas sobre plantexar un proxecto de Decreto baseado nunha norma que non está aínda aprobada.

A Administración aclara que abrirá un prazo de presentación de solicitudes. Todos aqueles aspirantes que xa se matricularon no prazo establecido pola Orde de Convocatoria publicada o 13 de marzo de 2020 non terán que volver a matricularse.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Dende ANPE criticamos a actuación do Xefe de Inspección da Xefatura Territorial de A Coruña por convocar virtualmente a xuntanza para tratar as vacantes do CXT cando toda a Administración está traballando con convocatorias presenciais e esiximos que se leve a cabo como así se ten solicitado dende a xunta de persoal provincial. **A Administración dará traslado da queixa e da petición á Xefatura Territorial**
- Solicitamos unha aclaración por parte da Consellería de Educación da contrata cunha empresa privada que está a traballar por indicacións da Secretaría Técnica, segundo nos notifican desde os centros educativos de secundaria, para ampliar aulas de diferentes maneiras, entendemos que para evitar desdobres coa idea de reducir profesorado e grupos para o vindeiro curso 21/22. Dende ANPE continuamos a defender os grupos reducidos como unha medida que contribúen neste momento á seguridade sanitaria. **A Administración resposta que non é unha cuestión desta Mesa pero, en calquera caso, as rateos non se van modificar xa que están reguladas normativamente.**
- Demandamos a presenza dos representantes da Dirección Xeral de Formación Profesional na vindeira Mesa Sectorial para dar resposta ás cuestións que facemos mesa tras mesa sin obter resposta coa excusa de non estar presente.
- Desde ANPE Galicia solicitamos que se traslade ao Comité clínico a posibilidade de trasladar o comezo das actividades lectivas tras as vacacións do Nadal do 8 ao 11 de xaneiro xa que desta maneira temos máis tempo de que se coñezan posibles casos de COVID xurdidos tras as festas e tomar as medidas sanitarias necesarias para paliar os posibles efectos adversos e de propagación de gromos nos centros educativos. **A Administración considera unha proposta razoable e lle darán o correspondente traslado.**
- Desde ANPE Galicia demandamos que os equipos AVA se nomeen a través dunha convocatoria pública de méritos e que se retomen todas as convocatorias pendentes. **A Administración resposta que para este curso non vai haber convocatoria. Haberá convocatoria para o vindeiro curso.**
- ANPE Galicia demanda a publicación da Orde de reintegro individual de gastos por actividades de formación á maior brevidade posible.
- ANPE Galicia solicita aclaración se o Grado de Primaria se considera equivalente ao Máster de Formación do Profesorado para poder presentarse ás oposicións en corpos onde se esixe dito. **A Administración resposta que non é equivalente.**
- ANPE Galicia solicita que aquel profesorado que estea realizando actividades de formación e se vexa afectado pola COVID-19 poida obter as certificacións correspondentes pese a causar baixa médica.